



Galicia

GALICIA

LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 904 Semana do 16 ao 22 de maio de 2022

UGT-GALICIA REIVINDICA O INSUBSTITUÍBLE PAPEL DA LINGUA GALEGA COMO VEHÍCULO DE COMUNICACIÓN, PARTE DO PATRIMONIO E MEDIO BÁSICO DE EXPRESIÓN CULTURAL

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Florencio Delgado foi o protagonista nesta edición

Redacción.- Un ano máis, o 17 de Maio celebramos o Día das letras galegas, dedicado nesta edición ó poeta, articulista, editor literario e fio condutor coa Galicia exiliada en México, Florencio Delgado Gurriarán, (Vilamartín de Valdeorras, 1903-California, 1987). Nesta data, pero todos os días do ano, dende UGT-Galicia reafirmámonos no insubstituíble papel da lingua galega para todos e todas, para a nosa sociedade, como vehículo de comunicación na súa acepción máis directa pero tamén como parte do noso patrimonio e medio básico de expresión cultural.

Así, UGT-Galicia reivindicou neste 17 de Maio como propio o compromiso activo de persoas como Florencio Delgado co idioma galego porque é parte do patrimonio inmaterial do pobo galego e é o noso deber coidalo, difundilo, protexelo e mantelo como unha lingua viva en todos os ámbitos e actividades da sociedade.

Para iso, o Sindicato considera que hai que comezar o traballo dende os máis pequenos, no eido educativo, porque son eles a clave do futuro da lingua galega. Neste senso, insta á Xunta a que se implique na promoción do galego e que sexa esta unha prioridade a nivel de toda a sociedade pero, especialmente, no ámbito educativo, equiparando o galego coa outra lingua oficial de Galicia.

UGT rexeita o uso de calquera lingua como arma arrojadiza e de loitas de poder. As linguas de cada un dos territorios, como as súas culturas, son tesouros, patrimonio que temos entre todos e todas a obriga de coidar e manter vivas e dentro dun contexto de convivencia sa entre todas as expresións lingüísticas do país.

Por todo isto, UGT-Galicia insta a toda a cidadanía a exercer libremente os seus dereitos lingüísticos e a esixirllle ás administracións o cumprimento das obrigas que en materia lingüística consagran o Estatuto e a Constitución.



Nesta data, na que se trata de reivindicar a memoria, a cultura e a lingua do pobo, precisamente, lémbrese a figura do homenaxeado, marcada pola súa labor literaria e activismo político e cultural que constituíron un dos capítulos máis destacados das letras galegas na emigración. Florencio Delgado foi un excelente poeta, cultivador dun galego característico das terras de Valdeorras e coa súa elección tamén se está a homenaxear á Galicia do exilio republicano en México. Porque neste país, Delgado Gurriarán e outros intelectuais desenvolveron importantes iniciativas que mantiveron viva a chama da identidade galega e son, polo tanto, un referente obrigado da historia da nosa lingua a cultura.

Florencio Delgado foi un extraordinario activista cultural, promotor de iniciativas como o Padroado da Cultura en México, as revistas "Vieiros" e "Saudade", a audición radiofónica Hora de Galicia, en antena todos os domingos durante case dúas décadas, e doutras publicacións de carácter político e cultural. Labor cultural e política que xa cultivaba en Galicia antes do seu obrigado exilio por mor da Guerra Civil a través do seu vínculo coas Irmandades da Fala, co Partido Galeguista ou co Partido Nacionalista Republicano de Ourense.

Finalmente, nesta data, pero os 365 días do ano, UGT-Galicia insiste en destacar o valor da lingua galega e da cultura como elementos de cohesión social e de transmisión de valores democráticos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DÚAS NOVAS XORNADAS DE FOLGA NO METAL DA PROVINCIA DA CORUÑA CUN SEGUIMENTO MASIVO

Redacción.- UGT, CCOO e CIG convocaron catro xornadas de folga para o sector do metal da provincia da Coruña, que aglutina máis de 16.000 traballadores e traballadoras, ante as posicións inmovilistas da patronal no proceso de negociación do convenio.

A primeira destas xornadas foi o día 5, a segunda o día 12, e as dúas últimas esta semana, os días 18 e 19. Todas elas cun seguimento masivo así como unha ampla participación nas manifestacións convocadas.

O proceso de negociación do convenio abriuse en outubro de 2019, paralizouse coa pandemia e retomouse hai pouco máis dun ano pero durante todo este tempo a patronal mantivo unha postura inmovilista nas súas propostas que con-



duce a unha significativa perda de poder adquisitivo dos traballadores, algo inasumible cunha inflación desbocada.

O secretario xeral de UGT FICA

Galicia, Javier Carreiro, insiste en que os sindicatos levan moitos meses traballando por unha solución razoable que parece non chegar, o que levou á convocatoria destes catro días de folga.

OS TRABALLADORES DE BARRERAS CONCÉNTRANSE DIANTE DA DELEGACIÓN DA XUNTA EN VIGO EN DEMANDA DE GARANTÍAS PARA O MANTEMENTO DO EMPREGO

Redacción.- As traballadoras e traballadores de Barreras concentráronse este mércores diante da delegación da Xunta en Vigo para reclamar unha solución que supoña o mantemento do emprego.

Nos últimos días o Xulgado do mercantil de Vigo emitiu un auto onde autoriza a venda do estaleiro de Barreras en beneficio de Armón, unha solución que no eido do emprego deixaría na rúa a máis de 100 traballadores e traballadoras.

Dende UGT-FICA Vigo consideran ne-

cesario activar todos os recursos, incluída a Administración, para dar continuidade aos postos de traballo cualificados que poden chegar a desaparecer. Non sería admisible que, unha vez que a venda do estaleiro contempla a súa reactivación, esta se poida facer sen contar coas persoas traballadoras.

UGT-FICA Vigo continuará apostando por unha solución global que garanta a re-



colocación do conxunto das persoas traballadoras. Para elo, seguiremos mobilizándonos e impulsando reunións cos distintos actores que posibiliten esta xusta reivindicación.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE CORREOS MOBILIZÁRONSE EN VARIAS CIDADES GALEGAS POLO FUTURO DO SERVIZO POSTAL

Redacción.- Ao longo desta semana os traballadores e traballadoras de Correos protagonizaron varias concentracións e actos reivindicativos, en Pontevedra, Lugo, Ourense e Santiago, baixo o lema "Salvem os servizo postal", como protesta polo desmantelamento do servizo público postal e do operador público que o ten encomendado por Lei, Correos, así como de concienciación cidadá ante o alarmante deterioro e perda de calidade do servizo.

As mobilizacións continuarán durante o mes de maio cara a folga xeral convocada os días 1, 2 e 3 de xuño.



UGT-VIGO ORGANIZA UNHA XORNADA SOBRE A “PROMOCIÓN DA INSERCIÓN SOCIOLABORAL EN COLECTIVOS VULNERABLES NO CONCELLO DE VIGO”

Redacción.- UGT-Vigo, en colaboración co Concello, está a desenvolver hoxe na sede do Sindicato a xornada “Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo”.

Xornada que está dirixida a mellorar a empregabilidade dos colectivos vulnerables en situación de exclusión social, así como analizar a inserción laboral de persoas en situación de especial vulnerabilidade e os factores de éxito para que un proceso de inserción sexa efectivo e sostible.

A apertura da xornada correu a cargo da concelleira de Benestar Social do Concello de Vigo, Yolanda Aguiar. Antonio José

Abad, responsable confederal de UGT da área LGTBI, foi o primeiro en intervir.

O pedagogo Andrés García e a educadora social Alba González, da Asociación diversidade, proxecto BROB, formación e inserción laboral para adolescentes e mozos e mozas en situación de abandono educativo temprano, tamén interviñeron e explicaron a súa experiencia.

De seguido, Daniel Bóveda, responsable territorial da Asociación Católica Española de Inmigrantes en Galicia, tamén expuxo a súa experiencia con este colectivo.



E xa a última hora da mañá será o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, o que leve a cabo a clausura da xornada.

OS TRABALLADORES DE VITRASA SAEN ÁS RÚAS DE VIGO CONTRA OS RECORTES E POR UN SERVIZO DE CALIDADE

Redacción.- Este xoves os traballadores e traballadoras de Vitrasa manifestáronse polas rúas de Vigo para denunciar os recortes laborais que están a sufrir e para demandar un servizo de calidade.

Denunciaron o recorte de servizos que realiza a empresa dende hai meses, o que está a provocar

un servizo deficiente de cara á cidadanía viguesa, aínda así, continúan reclamando cantidades desorbitadas ao Concello.

No eido laboral, denunciaron a intención da empresa de inaplicar o convenio e reducir as nóminas nun 30%.



PEPE ÁLVAREZ: “O GOBERNADOR DO BANCO DE ESPAÑA DEBE RESPECTAR A SUBIDA DE PENSÍONS”

Redacción.- O secretario xeral de UGT nunha asemblea de delegados e delegadas explicou os acordos alcanzados no marco do diálogo social e as propostas do sindicato para os próximos meses.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, puxo en valor os acordos alcanzados no marco do diálogo social como o acordo de pensións, a reforma laboral ou a subida do SMI.

Así mesmo, sinalou que na negociación para alcanzar un Estatuto dos Traballadores para o século XXI exporase recuperar dereitos que quedaron pendentes por exemplo os que teñen que ver co despedimento (hai que volver a causalizar os despedimentos; recuperar os salarios de tramitación, elevar o custo) e abordaranse os retos derivados das novas tecnoloxías,

o cambio climático, etc.

As pensións subirán conforme ao IPC

Pepe Álvarez sinalou que apenas transcorridos uns meses dalgúns destes acordos “vemos como sectores económicos” cuestiónanos. Neste sentido, criticou ao Gobernador do Banco de España e dixo que “non hai ningunha posibilidade de que no ano 2022 as pensións non suban de acordo co IPC”. A reforma das pensións é unha lei xusta e “quero pedirle ao gobernador do Banco de España que, por favor, respecte as leis e aos cidadáns e cidadás deste país”. Lembrou que “a media das pensións en España está por baixo dos 900€, e instou ao Gobernador do Banco de España a que non

ataque ao elo máis débil”.

Así mesmo, botou en falta que cando fala do pacto de rendas, non fale dos beneficios empresariais, que son xeradores de inflación. Álvarez, ademais, pediu ao PP que se some aos grandes acordos sobre o modelo de relacións laborais e traballo, como a reforma laboral, o acordo de pensións e o SMI.

Entre os retos que hai que afrontar referiuse á negociación colectiva. Dixo que “imos iniciar un proceso de mobilización para conseguir salarios dignos e que a CEOE, que nos deixou plantados na mesa do AENC, volva sentar. Iso vaise a lograr a partir da coordinación dos convenios colectivos que se están negociando, tanto no ámbito sectorial como de empresa”.

UGT RECLAMA MÁIS DIÁLOGO SOCIAL NO IMPULSO A UNHA LEI DO ABORTO

Redacción.- A Comisión Executiva Confederada do sindicato emite unha resolución na que valora o anteproxecto de reforma da Lei do aborto aprobado en Consello de Ministros pero considéralo insuficiente e moi mellorable a través do diálogo social

A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras considera que a baixa por menstruacións dolorosas, que recolle o anteproxecto da reforma da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo que aprobou o Consello de Ministros, vai en boa liña para aumentar os dereitos das mulleres pero é totalmente insuficiente e mellorable cun proceso de negociación cos axentes sociais.

Para o sindicato, é fundamental que se mida o impacto de xénero que teñen as medidas que se poñen encima da mesa,



para que a medio prazo non resulten contrarias ao que se pretendía. É por todo iso que, cando se trata de regular unha norma coa finalidade de protexer ás mulleres, é necesario facer unha reflexión profunda dos efectos que poidan ter para elas no emprego e o mundo laboral.

Por iso, UGT considera imprescindible seguir traballando para lograr a visualización e o recoñecemento das patoloxías específicas das mulleres, a súa investigación e o seu tratamento, co fin de resolver

as devanditas doenzas e mellorar a saúde das mulleres, que en moitas ocasións, como coa menstruación, afectan non só ás mulleres traballadoras, senón a todas.

“Ninguén nos vai a dar leccións de como pelexar na consecución de novos dereitos para as persoas e en especial para a mulleres do noso país”, sinala o sindicato. “Se todo este tema, do mesmo xeito que outros, se negociase no marco do diálogo social, evitaríase todo este ruído que se formou de forma interesada”.

UGT RECLAMA UN PACTO DE ESTADO POR UNHA NOVA SANIDADE EFICIENTE, UNIVERSAL E XUSTA

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais e Vivenda de UGT, Ana Isabel Gracia, inaugurou un taller do sindicato sobre os desafíos sanitarios nun mundo globalizado

Un taller “para reflexionar e analizar as consecuencias da globalización, que está a demostrar o seu efecto negativo sobre as condicións de saúde, incrementando as inequidades existentes, aumentando a pobreza e as brechas nos resultados en saúde”.

Neste sentido, lembrou que “a globalización impacta na saúde pública, nos sistemas sanitarios, nos servizos e nas políticas de saúde, hai un aumento de exposición a riscos de enfermidades infecciosas como puidemos constatar coa pandemia do COVID-19, novos estilos de vida con efectos negativos como a obesidade ou a fame e problemas de contaminación ambiental”.

Para Ana Isabel Gracia, “a Saúde Global debe cimentarse na solidariedade, a xustiza social e o redimensionamento do público, pero tamén é necesario desenvolver novas formas de intervención e compromiso. Hai que impulsar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio co enfoque de saúde pública global, na defensa dos dereitos económicos sociais e culturais de toda a poboación mundial”.

Por iso, defendeu “un Sistema Nacional de Saúde fortemente cohesionado, solidamente equitativo, gratuíto (no acceso a todas as prestacións), con valores e principios de

universalidade, de calidade, que sexa innovador e proactivo, excelente e eficiente, con perspectiva de xénero e que coide e promova a saúde das persoas ao longo de toda a vida e en todas as súas esferas”.

Desta forma, reclamou “un Pacto de Estado que realice unha revisión do modelo sanitario, con suficiencia orzamentaria, que teña en conta os determinantes sociais con relación á saúde. Un modelo que permita responder os desafíos futuros relacionados coa emerxencia climática, os cambios demográficos, o envellecemento, as enfermidades crónicas, a tecnoloxía, a formación dos profesionais adecuada aos resultados de investigación, etc. cunha gran participación social”.

Ademais, demandou “a elaboración do Libro Branco sobre a situación na que se atopa a Sanidade Pública no noso país, co fin de realizar os axustes e cambios que se revelen necesarios, como anunciou o presidente do Goberno na súa comparecencia no Congreso, con motivo do Estado de Alarma o 28 de marzo de 2020; e o impulso dun Pacto Social en prol da sanidade pública, para dotar ao noso país dun Sistema Nacional de Saúde como símbolo de solidariedade colectiva, que implique a todas as forzas políticas e a todos os sectores da sociedade”.

Xerar un sistema de mobilidade sostible

Durante o taller, a secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, presentou o segundo panel, sobre saúde e mobilidade, onde lembrou que, “actualmente, nove de cada dez persoas en todo o mundo están expostas a niveis de contaminación do aire que superan os estándares de seguridade ditados pola Organización Mundial da Saúde; aproximadamente 7 millóns de persoas en todo o mundo morren prematuramente cada ano por mor deste problema; e, ademais, a contaminación atmosférica provoca e intensifica unha gran variedade de enfermidades”.

Ante esta realidade, reclamou “urxente reducir as emisións do transporte, repensar a mobilidade e actuar xa. Temos unha gran oportunidade para transformar o sistema e mellorar a calidade do aire nas nosas cidades. É o momento de xerar un sistema de mobilidade sostible moderno e xerador de emprego”.

Para iso, esixiu “reducir os desprazamentos máis contaminantes, promovendo desprazamentos respectuosos co medio ambiente; promover o transporte público; fomentar medios de mobilidade alternativos, como a bicicleta ou o desprazamento a pé; contar con infraestruturas modernas, intelixentes e conectadas; implantar unha lei de mobilidade sostible que garanta o principio de accesibilidade universal; e impulsar plans de mobilidade nas empresas”.

A ECONOMÍA CIRCULAR É UNHA OPORTUNIDADE PARA A XERACIÓN DE EMPREGO DECENTE

Redacción.- No Día Mundial da Reciclaxe, UGT lembra a importancia desta ferramenta para a protección do medio ambiente e a saúde sobre todo nun mundo de consumo exacerbado. O sindicato apoia o despregamento da economía circular pero advirte de que a transición cara a este modelo cambiará o mercado de traballo, polo que defende a acción sindical como instrumento para maximizar as oportunidades e garantir unha transición xusta.

Durante o últimas catro décadas, a humanidade experimentou un crecemento extraordinario baseado nun modelo de extracción e uso de materiais que conleva que se consomen máis recursos dos que o noso planeta, un planeta finito, é capaz de rexenerar. Un modelo totalmente insostible, baseado en producir, usar e tirar, que xerou altos niveis de vida e un enorme aumento da riqueza, sobre grandes desigualdades e a un elevado custo ambiental.

Neste escenario, UXT destaca a necesidade de acelerar unha transición para pa-

sar desta economía lineal á circular e maximizar os recursos dispoñibles para que permanezan o máximo posible no ciclo produtivo. Esta transición, ademais de ser beneficiosa para o medio ambiente e a loita contra a emerxencia climática, pode achegar vantaxes competitivas ás empresas.

Garantir a transición xusta debe ser unha prioridade

A economía circular é unha oportunidade para a xeración de emprego verde e traballo decente, pero esta transformación non pode conducir á creación de postos de traballo precarios, con malas condicións e con novos riscos laborais. Non podemos deixar a ninguén no camiño. Garantir a transición xusta e que os empregos que se xeren sexan de calidade debe ser unha prioridade. Para logralo, o diálogo e a participación teñen que estar no centro da folia de roteiro.

É fundamental avanzar cara sectores



industriais e de servizos innovadores, sostibles e competitivos, baseados no coñecemento, as novas tecnoloxías e con valor engadido. Nesta liña, existe un reto relativo á formación e recualificación das persoas traballadoras cara ás competencias que implica a transición ecolóxica e a economía circular. Só abordando estes desafíos garantirase o éxito nesta transformación dos sectores produtivos.

Por iso, aproveitando este marco, UGT presenta o seu novo estudo, realizado coa colaboración de Ecoembes, sobre Economía Circular e Emprego: Situación Actual e Necesidades Futuras.

A NEGOCIACIÓN COLECTIVA É ESENCIAL PARA LOITAR CONTRA A LGTBIFOBIA

Redacción.- O responsable confederal da área LGTBI de UGT, Toño Abad, interveu cunha conferencia nas xornadas de Delitos de Odio da Policía Nacional e a Garda Civil organizadas pola Delegación de Goberno na Comunidade Valenciana.

Alí, e no marco do Día Internacional contra a LGTBIfobia, lembrou que no estudo “Cara a centros de traballo inclusivos: a discriminación das persoas LGTBI no ámbito laboral en España”, sobre a situación das persoas LGTBI na contorna laboral elaborada polo sindicato presentaba datos moi preocupantes.

Datos como, por exemplo, que a discriminación empeza desde o momento en que se pretende acceder ao posto de traballo ou que o 90% das persoas LGTBI consideraron un inconveniente ser LGTBI á hora de atopar emprego e que o 86% considera necesario ocultar a súa orientación sexual”.

Segundo o estudo, tres de cada catro persoas tiveron medo a revelar a súa orientación no traballo, o 40% das persoas transforon rexeitadas en entrevistas por prexuízos e a iso habería que sumar a cantidade de persoas que non se presentan para non ser discriminadas, humilladas ou maltrata-



das no proceso de selección”.

Toño Abad sinalou que esta é “unha realidade que require dunha actuación decidida, xa que permanecer no armario supón renunciar a dereitos laborais e non garante a tranquilidade que debe caracterizar a asistencia ao posto de traballo para calquera persoa”.

Un momento clave para lograr avances

“Estamos nun momento clave para lograr avances”, e puxo en valor a importancia de “garantir unha contorna laboral inclusiva, que permita a cada persoa traballadora ser como é, sen temor a manifestalo nas súas actitudes e conversa-

cións e para iso é necesario suprimir as discriminacións no acceso e no desenvolvemento da traxectoria profesional e perseguir e sancionar os actos contrarios”.

“Trátase”, explicou, “de erradicar a LGTBIfobia dos centros de traballo e, consecuentemente, da actuación social dos traballadores”.

“Para iso”, engadiu, “é fundamental introducir cláusulas referidas ás persoas LGTBI na negociación colectiva debido a que só 3 de cada 10 convenios téñenas e, na maior parte dos casos, son moi xenéricas. Ademais, da totalidade de convenios colectivos analizados no estudo, ningún ten cláusulas que se refiran ás persoas trans no emprego, á súa protección ou ás súas necesidades específicas”.